



Fernando de Andrés Alonso

Secretario Xeral do Valedor do
Pobo

É licenciado en Dereito pola Facultade da Universidade de Santiago de Compostela. Doutor en Dereito pola Universidade de A Coruña. Realizou o Curso Superior de Medio Ambiente e o Curso Superior de Urbanismo (Escola Galega de Administración Pública).

É funcionario de carreira (por oposición) do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia. Na administración autonómica desenvolveu funcións de asesoramento técnico-xurídico na secretaría xeral para a protección civil e o medio ambiente (Presidencia da Xunta de Galicia).

Posteriormente incorporouse ao Valedor do Pobo como xefe de servizo (proceso selectivo público). Máis adiante pasou a ser técnico de diferentes áreas no Valedor e despois coordinador e secretario xeral da institución.

Foi profesor de Dereito Constitucional no Colexio Universitario "Luis Vives", Madrid, da Universidade de Alcalá de Henares; profesor asociado de Dereito Constitucional da Universidade da Coruña, con docencia nas Facultades de Socioloxía e de Dereito; profesor colaborador da Escola Galega de Administración Pública e do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública (Xunta de Galicia).

Impartiu docencia en numerosos cursos superiores, seminarios e xornadas en centros públicos e privados, en especial en materia de dereito constitucional, dereito administrativo, dereito ambiental e réxime xurídico da seguridade pública e a protección civil. Participou como relator, comunicante e asistente en numerosos congresos e xornadas, como Congresos Nacionais de Dereito Ambiental, xornadas organizadas por facultades de dereito e outras, colexios profesionais, asociacións, oenegés, etc. Asistiu e participou en numerosos Congresos da Federación Iberoamericana de Ombudsman (FIO), do International Ombudsman Institute (IOI), do European Ombudsman Institute (EOI), e nas Xornadas de Coordinación de Defensores do Pobo, así como nas reunións ou talleres de preparación de todos eles.

É autor de numerosas publicacións sobre diferentes materias, como as monografías *El tratamiento administrativo de la contaminación acústica* y *Los Defensores del Pueblo en*

España (en curso). Ten asinados artigos como *Los Defensores del Pueblo y el contenido material de las leyes de presupuestos* (Anuario da Facultade de Dereito de Ourense, 2003); *Los Defensores impropios y el fenómeno de su proliferación* (Anuario da Facultade de Dereito de Ourense, 2003); *Derechos fundamentales y contaminación acústica* (Revista Galega de Administración Pública); *Las últimas sentencias del Tribunal Supremo en materia de Evaluación de Impacto ambiental* (Revista Aranzadi de Derecho Ambiental nº 3); *La jurisprudencia constitucional y contencioso-administrativa en materia de contaminación acústica* (Revista Xurídica Galega nº 34); *El régimen jurídico del ruido nocturno provocado en la calle por las concentraciones de personas* (Revista Aranzadi de Dereito Ambiental nº 5); *Algunos problemas relativos al régimen jurídico de la contaminación acústica* (Revista Aranzadi de Derecho Ambiental nº 3) e *El medio ambiente en Galicia a la luz de los informes del Valedor do Pobo* (Obra Colectiva, Universidade da Coruña).